Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOP
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
D.L.: C-1-1958
VENRES, 30 DE DECEMBRO DE 2022 | VIERNES, 30 DE DICIEMBRE DE 2022 | BOP NÚMERO 247

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### SANTA COMBA

*Bases xerais e bases específicas e convocatoria das prazas incluídas na OEP 2022 extraordinaria ou "adicional" de "estabilización" derivada da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no emprego público*

**ANUNCIO**

**Expte núm.**: 2022/E001/000025

**Praza/s:** Estabilización Lei 20/21 (OEP extraordinaria 2022).

**Plan/Programa/Orde/Convenio**: Lei 20/21, do 28 de decembro

**Núm. prazas**: 36

**Decreto da alcaldesa**: 27/12/2022

**Asunto**: publicación bases convocatoria e proceso de selección (artigo 205 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia)

**Recursos**: contra estas bases, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a alcaldesa deste Concello de, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

**BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REXERÁN AS CONVOCATORIAS DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONCELLO DE SANTA COMBA PARA CUBRIR AS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚLBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022, POLO SISTEMA DE CONCURSO (DISPOSICIÓNS ADICIONAIS 6ª E 8ª DA LEI 20/2021) E CONCURSO-OPOSICIÓN (ARTIGO 2 DA LEI 2/2021)**

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 132, do 29 de decembro de 2021), en vigor desde o 30 de decembro de 2021, aborda importantes reformas estruturais no ámbito do emprego público co obxectivo da redución da temporalidade. Así, adicionalmente aos procesos de estabilización que regularon os artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluirá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadro de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións públicas, e estando dotadas orzamentariamente, estean ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020.

O sistema de selección previsto expresamente neste suposto é o de concurso-oposición, cunha valoración na fase de concurso dun corenta por cento da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate, podendo non ser eliminatorios os exercicios da fase de oposición, no marco da negociación colectiva establecida no art. 37.1 c do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

Así mesmo, na súa disposición adicional sexta prevé que as Administracións públicas convoquen, con carácter excepcional polo sistema de concurso, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 6 e 7, do Texto refundido do estatuto básico do empregado público, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da lei, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016. Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez, poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais.

Número de anuncio 2022/8510

Con esta disposición adicional dáse amparo normativo ao concepto xurisprudencial de interinidade de longa duración superior a cinco anos, que polo seu carácter de normativa básica resulta de aplicación ao conxunto das administracións públicas e garante a igualdade en todo o territorio.

Conforme a disposición adicional oitava, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluirán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación desta natureza, anterior a 1 de xaneiro de 2016.

Os procesos de estabilización que se convoquen ao amparo da citada lei garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, podendo articularse medidas que posibiliten unha coordinación entre as diferentes administracións no seu desenvolvemento.

Entre as condicións que, de acordo coa xurisprudencia constitucional, han de darse para que non caiba apreciar infracción ningunha do principio de igualdade de acceso a cargos e empregos públicos do artigo 23.2 da Constitución están, en primeiro lugar, que se trate dunha situación excepcional; segunda, que só se acuda a este tipo de procedementos por unha soa vez, pois doutro xeito perderíase a súa condición de remedio excepcional e terceiro, que a dita posibilidade estea establecida nunha norma con rango legal (STC 12/1999, do 11 de febreiro de 1999).

A Sentenza do Tribunal Supremo do 24 de xuño de 2019 (rec. 1776/2016) da validez nun plan de estabilización a unha puntuación superior dos servizos prestados na propia administración.

Segundo esta sentenza, non parece arbitrario puntuar de forma distinta a experiencia, segundo se adquirise na mesma administración á que pertence a praza ou noutro posto, xa que podendo haber puntos en común, non se trata do mesmo contexto organizativo nin funcional, e non coinciden as competencias e funcións nin a normativa que se ha aplicar, por tanto mediando esas diferenzas non é irrazoable que tamén difira a puntuación.

Por outra banda, o Acordo sobre o desenvolvemento dos procesos de estabilización do emprego temporal entre a Administración Xeral do Estado e as organizacións sindicais, do 11 de decembro de 2019, recolle que na fase de concurso estableceranse criterios de valoración que teñan en conta, preferentemente, os servizos prestados na administración que convoca, así como a realización de tarefas nos ámbitos funcionais nos que se require unha maior especialización

Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez, poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais e respectarán, en todo caso, os prazos establecidos na mencionada norma.

Neste proceso non é posible establecer un baremo concreto da experiencia que non sexa racional e proporcionado, é dicir que non resulte arbitrario e caprichoso (STS 25 de xaneiro de 2021).

Non se considera arbitrario atribuír distinta puntuación á experiencia previa segundo se acadase na Administración que convoca ou noutra, dado que non existe o mesmo contexto organizativo e funcional e que non hai unha coincidencia de competencias e funcións a desenvolver e normativa a aplicar (STSS 24/06/2019, 5/07/2019).

Logo de ver os criterios comúns de actuación que poderán, con absoluto respecto ao principio de Autonomía Local, servir de guía e orientación para a elaboración das bases das convocatorias a publicar en desenvolvemento das ofertas publicadas ao abeiro da Lei 20/2021.

Os ditos criterios teñen sido consensuados entre a Fegamp e os sindicatos CC.OO, CIG e UGT.

Respectaranse as bases de negociación colectiva dos procesos de estabilización coa referencia do EBEP (artigo 37) e á propia Lei 20/2021, do 28 de decembro.

A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación nas entidades locais.

A publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022 e a resolución destes procesos selectivos deberá finalizar antes do 31 de decembro de 2024.

Corresponderá unha compensación económica, equivalente a 20 (vinte) días de retribucións fixas por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, até un máximo de doce mensualidades, para o persoal funcionario interino ou o persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa Administración pola non superación do proceso selectivo de estabilización

A non participación do candidato ou candidata no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso.

Número de anuncio 2022/8510

BASES XERAIS

**1.- Obxecto e contido**

Estas bases xerais teñen por obxecto regular os aspectos comúns e específicos para a convocatoria e proceso de selección de persoal laboral fixo, polo sistema de concurso, no procedemento de estabilización de emprego temporal derivado do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312 do 29/12/2021), na disposición adicional 6ª e 8ª, e no de concurso-oposición ao abeiro do artigo 2.1 da mencionada Lei, e de conformidade cos artigos 50 e 70 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

Estas bases serán publicadas no BOP, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Santa Comba, (en diante TEU), (https://sede.santacomba.es/sxc/es/informacion/), e a título informativo e complementario na páxina web municipal (www.santacomba.es). Os restantes anuncios que deriven dos procesos selectivos serán publicados no taboleiro de anuncios do TEU.

**2.- Ámbito de aplicación**

Estas bases xerais rexerán os procesos selectivos para a estabilización de emprego temporal do Concello de Santa Comba, que se convoquen segundo a Oferta de Emprego Público, (en diante OEP) extraordinaria para 2022 do Concello de Santa Comba que foi aprobada no decreto da alcaldesa núm. 669/2022 do 26/05/2022, (expediente núm. 2022/G003/000716), e a corrección de erros no decreto núm. 776/2022 do 17/06/2022.

O anuncio foi publicado no BOP núm.100 do 27/05/2022.

O número de prazas a estabilizar, o sistema de selección, a súa denominación e características:

a) Por sistema de concurso (acceso libre, DA 6 e 8ª Lei 20/2021).

Prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de maneira ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016.

| PERSOAL LABORAL FIXO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Denominación praza | Categoría Profesional Grupo | Núm. Praza/s | Situación laboral | Concurso (DA 6ª e 8ª Lei 20/2021) | Quenda Reserva para persoas con discapacidade |
| Asesor/a CIM | I | 1 | Persoal laboral | Concurso | |
| Auxiliar administrativo/a | IV | 3 | Persoal laboral | Concurso | |
| Auxiliar cociña | AP"/Grupo V | 1 | Persoal laboral | Concurso | |
| Auxiliar Axuda a domicilio | AP"/Grupo V | 10 | Persoal laboral | Concurso | |
| Limpador/a | AP"/Grupo V | 7 | Persoal laboral | Concurso | |
| Mestre/a Inglés | II | 1 | Persoal laboral | Concurso | |
| Mestre/a –LFH- (Normalizadora lingüística, impartición ESA) | I | 1 | Persoal laboral | Concurso | |
| Mestre/a ESO | II | 1 | Persoal laboral | Concurso | |
| Orientador/a laboral | II | 1 | Persoal laboral | Concurso | |
| Persoal de inclusión dixital | II | 1 | Persoal laboral | Concurso | |
| Psicólogo/a do CIM | I | 1 | Persoal laboral | Concurso | |
| Peón | AP"/Grupo V | 1 | Persoal laboral | Concurso | |
| * Agrupación profesional (EBEP) | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Funcións | As funcións a desenvolver son as da propia capacitación profesional, e vinculadas aos postos.<br>As prazas incluídas nos procedementos de estabilización de emprego temporal, actualmente están a ser obxecto de clasificación e valoración no correspondente proceso de Relación e Valoración de Postos de Traballo, polo que algunhas das tarefas e funcións atribuídas poden verse matizadas polo resultado da mesma, así como as súas retribucións. | | | | |
| Tipo de xornada | Completa | | Quenda | Libre | |

Número de anuncio 2022/8510

| | |
|---|---|
| Titulación esixida e requisito imprescindible | |
| Asesor/a CIM | Titulación/s ou equivalente:<br>Título de Grao ou Licenciatura en Dereito |
| Auxiliar administrativo/a | Titulación/s ou equivalente:<br>Ter algunha destas titulacións:<br>Graduado escolar, FP de 1º grao, graduado en ESO ou equivalente/Titulo de bacharel ou Técnico ou FP de 2º grao ou equivalente |
| Auxiliar cociña | Titulación/s ou equivalente:<br>Non se esixe estar en posesión de titulación ningunha en aplicación do previsto na disposición adicional sexta, apartado 1, do Real decreto 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público<br>Requisito/s imprescindible/s:<br>- Certificado negativo de delitos de natureza sexual<br>- Carné de manipulador de alimentos (vixente)<br>- Curso básico de primeiros auxilios |
| Auxiliar Axuda a domicilio | Titulación/s ou equivalente:<br>Ter algunha destas titulacións:<br>- Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería, equivalente ou superior.<br>- Técnico/a en atención a persoas en situación de dependencia.<br>- Técnico/a de atención socio-sanitaria.<br>- Técnico Superior en Integración Social.<br>- Certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio.<br>- Certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais ou equivalente (BOE núm. 274 de 16/11/2015).<br>- Ter solicitado algún dos dous anteriores certificados de profesionalidade e cumprir os requisitos para obtelo.<br>- Calquera outra habilitación prevista no acordo de 19 de outubro de 2017, polo que se modifica parcialmente o Acordo do Consello territorial do Sistema para a Autonomía e Atención a Dependencia de 27 de novembro de 2008, sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención a Dependencia, modificado polo Acordo de 7 de outubro de 2015. (Resolución de 2 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Política Social, Familias e Atención a Dependencia e a Discapacidade e Resolución de 3 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade)<br>Requisito/s imprescindible/s:<br>- Certificado negativo de delitos de natureza sexual<br>- Posuír o carné de conducir B ou equivalente. en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, co compromiso, mediante declaración, a mantelos vixentes mentres permanezan en situación de servizo activo.<br>- Carné de manipulador de alimentos (vixente) |
| Limpador/a | Titulación/s ou equivalente:<br>Non se esixe estar en posesión de titulación ningunha en aplicación do previsto na disposición adicional sexta, apartado 1, do Real decreto 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público<br>Requisito/s imprescindible/s:<br>- Certificado negativo de delitos de natureza sexual |
| Mestre/a Inglés | Titulación/s ou equivalente:<br>Ter algunha destas titulacións ou equivalentes:<br>- Título de Mestre - especialidade de Lingua Estranxeira (Inglés)<br>- Título de Profesor de Educación Xeral Básica especialidade: Filoloxía inglesa<br>- Graduado en Educación Primaria, mención Linguas Estranxeiras (Inglés) e a acreditación de, polo menos, un nivel B2 do Marco común de referencia para as linguas (Inglés), segundo especifícase no Real Decreto 1594/2011, do 4 de novembro<br>- Calquera Título de mestre ou de Profesor de Educación Xeral Básica e superar os estudos conducentes á obtención do certificado de aptitude do idioma (Inglés), expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou superar os estudos conducentes á obtención da Filoloxía do idioma correspondente<br>A titulación de lingua estranxeira achegada para acreditar a especialidade de Inglés deberá indicar expresamente o idioma correspondente. En caso contrario, será necesario presentar certificación académica persoal ou certificado da Secretaría do centro onde fosen cursados os estudos que indique expresamente o idioma da especialidade á que opta.<br>Requisito imprescindible: Certificado negativo de delitos de natureza sexual |
| Mestre/a –LFH- | Titulación/s ou equivalente:<br>Ter algunha destas titulacións ou equivalentes:<br>- Licenciatura en Filoloxía Galego – Portuguesa<br>- Filoloxía Galega ou Filoloxía Hispánica (subsección Galego-Portugués)<br>- Grao en Lingua Galega<br>- En calquera outra licenciatura ou grao da área de Humanidades ou Ciencias Xurídicas sempre que dispoña do Celga 5.<br>Requisito imprescindible: Certificado negativo de delitos de natureza sexual |

Número de anuncio 2022/8510

| | |
|---|---|
| Mestre/a ESO | Titulación/s ou equivalente:<br>Ter algunha destas titulacións ou equivalentes:<br>- Título de mestre: especialidade de Educación Primaria<br>- Título de mestre de Primeiro Ensino-<br>- Título de Profesor de Educación Xeral Básica, en todas as súas especialidades,<br>expedido conforme a Orde do 13 de xuño de 1977 (BOE do 25 de xuño)<br>- O correspondente Título de Grao das mesmas titulacións<br>Requisito imprescindible: Certificado negativo de delitos de natureza sexual |
| Orientador/a laboral | Titulación/s ou equivalente:<br>Ter algunha destas titulacións ou equivalentes:<br>- Grao en Pedagoxía,<br>- Grao en Psicoloxía,<br>- Grao en Ciencias do Traballo,<br>- Grao en Traballo Social,<br>- Grao en Educación Social,<br>- Relacións Laborais e Recursos Humanos,<br>- Relacións Laborais,<br>- Graduado/a Social ou diplomatura, licenciatura ou grao equivalente. |
| Persoal de inclusión dixital | Titulación/s ou equivalente:<br>- Diplomatura en informática ou equivalente.<br>Requisito imprescindible: Certificado negativo de delitos de natureza sexual |
| Psicólogo/a do CIM | Titulación/s ou equivalente:<br>Grao ou Licenciatura en Psicoloxía ou equivalente |
| Peón | Titulación/s ou equivalente:<br>Non se esixe estar en posesión de titulación ningunha en aplicación do previsto na disposición adicional sexta, apartado 1, do Real decreto 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público<br>Requisito imprescindible:<br>posesión do carné de conducir B ou equivalente. en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, co compromiso, mediante declaración, a mantelo vixente mentres permaneza en situación de servizo activo. |

Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

b) Por sistema de concurso-oposición (artigos 2.1 e 2.4 da Lei 20/2021).

Prazas de natureza estrutural que estean no cadro de persoal e estando dotadas orzamentariamente, estiveran ocupadas de maneira temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

| PERSOAL LABORAL FIXO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Denominación praza | Categoría | Núm. Praza/s | Situación laboral | Concurso-Oposición<br>(Artigo 2 Lei 20/2021) | Quenda Reserva para persoas con discapacidade |
| Auxiliar Axuda a domicilio | AP/Grupo V | 5 | Persoal laboral | Concurso-oposición | |
| Socorrista | Grupo IV | 2 | Persoal laboral | Concurso-oposición | |
| * Agrupación profesional (EBEP) | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Funcións | As funcións a desenvolver son as da propia capacitación profesional, e vinculadas aos postos. As prazas incluídas nos procedementos de estabilización de emprego temporal, actualmente están a ser obxecto de clasificación e valoración no correspondente proceso de Relación e Valoración de Postos de Traballo, polo que algunhas das tarefas e funcións atribuídas poden verse matizadas polo resultado da mesma, así como as súas retribucións. | | | | | |
| Tipo de xornada | Completa | | Quenda | Libre | | |

Número de anuncio 2022/8510

| Titulación esixida e requisito imprescindible | |
|---|---|
| Auxiliar Axuda a domicilio | Titulación/s ou equivalente:<br>- Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería, equivalente ou superior.<br>- Técnico/a en atención a persoas en situación de dependencia.<br>- Técnico/a de atención socio-sanitaria.<br>- Técnico Superior en Integración Social.<br>- Certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio.<br>- Certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais ou equivalente (BOE no 274 de 16/11/2015).<br>- Ter solicitado algún dos dous anteriores certificados de profesionalidade e cumprir os requisitos para obtelo.<br>- Calquera outra habilitación prevista no acordo de 19 de outubro de 2017, polo que se modifica parcialmente o Acordo do Consello territorial do Sistema para a Autonomía e Atención a Dependencia de 27 de novembro de 2008, sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención a Dependencia, modificado polo Acordo de 7 de outubro de 2015. (Resolución de 2 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Política Social, Familias e Atención a Dependencia e a Discapacidade e Resolución de 3 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade)<br>Requisito/s imprescindible/s:<br>- Certificado negativo de delitos de natureza sexual<br>- Posuír o carné de conducir B ou equivalente. en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, co compromiso, mediante declaración, a mantelos vixentes mentres permanezan en situación de servizo activo.<br>- Carné de manipulador de alimentos (vixente) |
| Socorrista | Titulación ou equivalente:<br>ESO ou equivalente<br>Requisito/s imprescindible/s:<br>– Certificado negativo de delitos de natureza sexual<br>– Estar en posesión do certificado de profesionalidade de socorrista en instalacións acuáticas, ou equivalente |

Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

Atópanse obrigados a concorrer a este concurso a persoa ou persoas que estean a ocupar as prazas incluídas nesta convocatoria. A súa non participación determinará a imposibilidade de consolidar o posto de traballo e a ausencia de indemnización ou compensación económica (artigo 2.6 da Lei 20/2021).

Se se producise a xubilación ou falecemento dos empregados que ocupan as prazas durante o proceso selectivo, continuará o proceso ata a súa conclusión.

As prazas incluídas nos procedementos de estabilización de emprego temporal, actualmente están a ser obxecto de clasificación e valoración no correspondente proceso de Relación e Valoración de Postos de Traballo, polo que algunhas das tarefas e funcións atribuídas poden verse matizadas polo resultado da mesma, así como as súas retribucións.

**3.- Requisitos das persoas aspirantes**

Para poderen participar nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir estes requisitos, referidos á data de finalización do prazo de presentación de instancias (artigo 50 LEPG 2/2015, do 29 de abril):

a) Nacionalidade: ser de nacionalidade española. Tamén terán dereito os nacionais dun estado membro da Unión Europea, ou do Espazo Económico Europeo, nos termos previstos e cos requisitos establecidos para os diferentes supostos no artigo 57 do TRLEBEP e no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG). Ás persoas con nacionalidade do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte seralles de aplicación o disposto no artigo 5 do Real decreto-lei 38/2020, do 29 de decembro, polo que adoptan medidas de adaptación á situación de Estado terceiro do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte trala finalización do período transitorio previsto no Acordo sobre a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión Europea e da Comunidade Europea da Enerxía Atómica, do 31 de xaneiro de 2020.

b) Idade: Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa; e iso sen prexuízo das especialidades contempladas no artigo 57.2 do TRLEBEP e no artigo 52.1, letras c e d da LEPG.

c) Titulación: Estar en posesión ou en condición de obtela na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes a titulación que se esixida para a praza á que aspira. As titulacións non expedidas en España deberán estar debi-

Número de anuncio 2022/8510

damente validadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional do Estado español ou, de ser o caso, aqueloutro que teña atribuída a competencia.

d) Capacidades: Posuír a capacidade funcional e aptitudes físicas e psíquicas para o desenvolvemento das funcións do posto.

As persoas con discapacidade compatible coas tarefas e funcións correspondentes ás prazas convocadas, poderán concorrer ao proceso selectivo en igualdade que o resto das persoas aspirantes, coas adaptacións, de ser o caso, necesarias para o desenvolvemento do dito proceso. Para tal efecto aplicarase o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, e o tribunal poderá requirir a emisión dun informe ou a colaboración doutros órganos administrativos ou da administración sanitaria.

e) Habilitación e incompatibilidade: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente e non ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

f) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA oportuno, de acordo co indicado na base primeira da presente convocatoria, ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e consonte ao previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da lingua galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega.

g) Aboar os dereitos de exame, de acordo coa Ordenanza fiscal municipal núm. 25, que regula a taxa por expedición de documentos administrativos

Os requisitos enumerados nesta base deberán reunirse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e se manteren até o momento da toma de posesión como persoal laboral fixo.

**4.- Solicitude e documentación**

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo presentaranse mediante instancia dirixida á alcaldesa de Santa Comba no modelo que consta como anexo I a estas bases.

Para ser admitido/a e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas correspondentes, o persoal aspirante deberá manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación.

Á instancia acompañarase inescusablemente esta documentación:

- DNI (no seu defecto, resgardo do DNI, pasaporte ou carné de conducir)
- Titulación requirida determinada nestas bases xerais
- Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na Base 3.
- Autobaremo que consta como anexo destas bases segundo esquema do baremo de méritos establecido nas anteditas bases especificas con copia de todos os méritos académicos e profesionais.

Os méritos profesionais deberán acreditarse con copia dos contratos de traballo máis o Informe de vida laboral ou, no caso de Administracións Públicas, copia do contrato e/ou acta de nomeamento e certificado de servizos prestados expedido polo fedatario/a público da administración no que deberá reflexarse o grupo/subgrupo do praza

- Título de galego que corresponda segundo o establecido nestas bases, para aos efectos de exención de realización de proba de galego.
- Carta de pagamento de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais.

Número de anuncio 2022/8510

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Ademais a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de emenda, determinando a exclusión do/a aspirante.

O pagamento poderase facer indistintamente mediante ingreso na conta bancaria de titularidade municipal ou aboando o importe nas oficinas municipais.

Nos aboamentos deberá constar o núm. de DNI, o nome e apelidos da persoa que o ordena (aspirante), así como a indicación de que se trata do ingreso de dereitos de exame da OEP-E 2022 do Concello de Santa Comba e a denominación concreta da praza á que se aspira. A falta de pagamento destes dereitos dentro do período de presentación de solicitudes non será emendable e dará lugar á exclusión do proceso selectivo.

– Certificado negativo de delitos de natureza sexual (na/s praza/s que se indique/n).

– Documento que acredite o coñecemento suficiente do castelán, no caso de persoas con nacionalidade distinta da española.

– Os demais requisitos específicos e imprescindibles que se sinalan para cada unha das prazas.

A presentación da solicitude supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do persoal aspirante para o tratamento dos seus datos persoais para a finalidade de realizar a selección de que se trate.

Así mesmo, os/as solicitantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no TEU e, de ser o caso, na páxina web do concello para todo o relacionado con estes procesos selectivos.

Ao abeiro dos artigos 59 do TREBEP e no Real decreto lexislativo 1/2013, de 20 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, neste proceso será admitido o persoal aspirante con discapacidade en igualdade de condicións.

O persoal aspirante con discapacidade, deberá presentar certificación expedida polo órgano competente da súa Comunidade Autónoma ou da Administración do Estado, que acredite dita condición, así como a súa capacidade para desempeñar as tarefas correspondentes ás prazas obxecto desta convocatoria.

**5.- Prazo e lugar de presentación das instancias**

5.1.- As solicitudes, ás que se achegará a documentación que se indica nestas bases e nas que se declarará o cumprimento das condicións de participación esixidas, serán dirixidas á alcaldesa do concello no prazo de 20 (vinte) días soltos, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (en diante BOE).

5.2.- As persoas aspirantes coa condición legal de discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas.

5.3.- A presentación de solicitudes poderá facerse ben de forma presencial no Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba ou a través do TEU, así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas (en diante LPACAP).

5.4.- As solicitudes que se formulen a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso o persoal aspirante deberá comunícalo mediante correo electrónico ao enderezo: correo@santacomba.es, durante o mesmo prazo co de presentación de instancias.

5.5.- As bases íntegras publicaranse no BOP, no TEU e a título informativo e complementario na páxina web municipal.

Publicidade do proceso selectivo e presentación de reclamacións

Estas bases, así como a convocatoria e bases xerais serán publicadas no BOP. O anuncio da convocatoria será publicado no BOE. Esta última publicación sinalará o prazo de presentación de solicitudes.

Serán obxecto de publicación no BOP aquelas resolucións cando resulte preceptivo e segundo o que se recolle expresamente nestas bases xerais.

Agás a convocatoria e as resolucións anteriormente citadas, que se publicarán no xeito establecido nestas bases, a publicidade dos distintos actos e acordos derivados do desenvolvemento destes procesos selectivos, así como as comunicacións a que desen lugar, realizaranse mediante publicación no TEU e a título informativo na páxina web municipal, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

O persoal aspirante poderá presentar reclamacións ante o tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba e esta sexa publicada no taboleiro de anuncios electrónico. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente.

Número de anuncio 2022/8510

En todos os casos, para a presentación de reclamacións, disporase dun prazo de cinco (5) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación.

**6.- Dereito de exame**

6.1. Segundo a Ordenanza fiscal núm. 25 do Concello de Santa Comba, reguladora da taxa por emisión de documentos administrativos, por dereitos de exame (artigo 6, tarifa), para participar nas correspondentes probas de acceso aos corpos ou escalas de persoal laboral fixo convocadas por este concello, será obrigatorio satisfacer os dereitos de exame, nesta contía:

| Grupo/Subgrupo | Importe da taxa |
|---|---|
| A1 ou persoal laboral equivalente | 50 € |
| A2 ou persoal laboral equivalente | 50 € |
| B ou persoal laboral equivalente | 40 € |
| C1 ou persoal laboral equivalente | 30 € |
| C2 ou persoal laboral equivalente | 30 € |
| Agrupacións profesionais ás que fai referencia a disposición adicional sétima do TREBEP ou persoal laboral equivalente | 10 € |

6.2. A documentación que acredite o pago da taxa presentarase xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

6.3. O solicitante aportará xunto coa súa instancia, copia do documento de transferencia ou ingreso.

6.4. A conta na que se deberá realizar o ingreso: ES46 2080 0306 5831 1000 0048 (Abanca, Corporación, SL).

6.5. A taxa por dereitos de exame deberá aboarse necesariamente dentro do prazo de presentación de instancias, e a falta de pago en dito prazo, determinará a exclusión definitiva do persoal aspirante das probas selectivas.

**7.- Admisión de aspirantes**

7.1.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldesa ditará resolución, que se publicará no BOP e no TEU e a título informativo e complementario na páxina web municipal, declarando aprobada a listaxe provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas, coa indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

7.2.- As persoas aspirantes excluídas e omitidas terán un prazo improrrogable de 10 (dez) días soltos, contados desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución no BOP, para presentar as reclamacións oportunas ou a emenda de defectos, nos termos da LPACAP. Na resolución identificarase ás persoas aspirantes que achegaron o certificado acreditativo do nivel de galego que corresponda.

7.3.- As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado non emenden a súa exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas, serán consideradas definitivamente excluídas.

7.4.- A listaxe provisoria devirá automaticamente en definitiva se, transcorrido o prazo, non se formulasen reclamacións. De as haber, as reclamacións formuladas serán estimadas ou desestimadas a través dunha nova resolución da alcaldesa de aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas que será publicada no TEU.

7.5.- O feito de constar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados posuíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

7.6.- Contra a resolución de alcaldía aprobando a lista definitiva poderán interpoñerse, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da notificación, ou recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo da Coruña no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da LPACAP e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

Agás a convocatoria e as resolucións anteriormente citadas, que se publicarán do xeito establecido nestas bases, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración destes procesos selectivos, faranse públicos a través do TEU e a título informativo e complementario na páxina web municipal.

**8.-Tribunais cualificadores**

Consonte ao artigo 55 e seguintes do actual EBEP, co Real decreto 896/1991, polo que se establece as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse os procedementos de selección dos funcionarios da administración

Número de anuncio 2022/8510

local e co artigo 11 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real decreto 364/1995, o tribunal terá unha composición mínima de cinco membros composto por estes membros:

a) Un/ha presidente/a: un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo designado/a pola alcaldesa da Corporación.

b) Vogais: tres funcionario/as de carreira ou persoal laboral fixo designado/as pola alcaldesa da Corporación.

c) Un/ha secretario/a: o/a da Corporación ou funcionario/a que se designe pola alcaldesa da Corporación.

Todas as persoas integrantes do Tribunal terán voz e voto.

Cada membro suplente actuará en substitución da persoa titular respectiva cando esta non poida asistir á correspondente sesión do órgano de selección.

De todas as sesións que teñan lugar a persoa que ocupe a secretaría redactará a correspondente acta.

Os seus membros deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo (artigo 59.4 da LEPG).

A súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e, tenderase á paridade entre muller e home.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais fixos que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria; o persoal de elección ou de designación política; o persoal funcionario interino, laboral temporal ou laboral indefinido non fixo e o persoal eventual.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de persoal asesor especialista, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

En particular, poderá designarse persoal asesor para a proba de coñecemento do galego, de ter que realizarse. Este persoal será designado pola alcaldesa, a pedimento do tribunal.

O tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo o aconselle.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarano á autoridade que convoca cando concorra algunha das circunstancias de abstención previstas na lei ou nos artigos 13.4 do RD 364/1995 do 10 de marzo e 23 da LRXSP.

O persoal aspirante poderá recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias, ao abeiro do artigo 24 da LRXSP.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación destas normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto na LPACAP.

As decisións adoptaranse por maioría de membros presentes, debendo axustarse estritamente a súa actuación ás bases da presente convocatoria, con facultade para resolver as dúbidas que ofreza a súa aplicación e para adoptar as resolucións, criterios e medidas que estime procedentes naqueles aspectos que non estean regulados nestas bases ou na lexislación vixente que resulte de aplicación.

O concello poderá esixir das persoas integrantes do tribunal declaración expresa de non acharse incursas nas circunstancias establecidas no citado artigo 23 da LRXSP.

Nos casos en que por mor da existencia de recusacións ou abstencións aceptadas sexa preciso alterar a composición do tribunal a resolución que se dite deberá publicarse na forma indicada para as resolucións referidas na base anterior, pero poderá prescindirse da publicación no BOP cando non se garanta que esta é anterior á data sinalada para o inicio do proceso selectivo.

Todos os membros do tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría, ao abeiro do artigo 30.1 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

Número de anuncio 2022/8510

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o órgano que o nomeou, segundo o artigo 121 da LPACAP.

**9. Sistema de selección**

Procesos selectivos derivados das disposicións 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro

Ao abeiro da Disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no Emprego Público, e co artigo 60 TREBEP, a selección das persoas para a provisión das prazas obxecto desta convocatoria realizarase por medio do sistema de concurso.

9.2.- Valoración de méritos

A) Méritos a baremar

O concurso excepcional para a estabilización de emprego temporal nas prazas obxecto da convocatoria consistirá na avaliación por parte do Tribunal cualificador dos méritos a baremar que concorran en cada unha das persoas aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A consideración dos méritos estará orientada a valorar a idoneidade dos candidatos para cumprir coas funcións propias do corpo e escala de destino, en relación coas características das prazas convocadas.

Para este obxecto valoraranse, ata un máximo de 100 puntos, estes méritos profesionais e outros méritos (formación e capacitacións profesionais):

| 1.- Méritos profesionais: experiencia profesional: ata un máximo de 90 puntos | | | |
|---|---|---|---|
| Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da entidade local que convoca en calidade de persoal laboral temporal | Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes da entidade local que convoca en calidade de persoal laboral temporal | Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas (distintas da entidade local que convoca) en calidade de persoal laboral temporal | Servizos prestados no resto do sector público en calidade de persoal laboral temporal |
| Servizos prestados do 01/01/2016 á data do último día da convocatoria:<br>1,125 puntos<br>mes completo | Servizos prestados do 01/01/2016 á data do último día da convocatoria:<br>0,50 puntos<br>mes completo | Servizos prestados do 01/01/2016 á data do último día da convocatoria:<br>0,25 puntos<br>mes completo | Servizos prestados do 01/01/2016 á data do último día da convocatoria:<br>0,125 puntos<br>mes completo |
| Servizos prestados antes do 01/01/2016<br>0,562 puntos<br>mes completo | Servizos prestados antes do 01/01/2016<br>0,25 puntos<br>mes completo | Servizos prestados antes do 01/01/2016<br>0,125 puntos<br>mes completo | Servizos prestados antes do 01/01/2016<br>0,062 puntos<br>mes completo |

Entenderase un mes por 30 días naturais.

Para os efectos destas bases entenderanse por servizos prestados os realizados en virtude de contrato laboral temporal ou relación funcionarial interino. Serán aceptados aqueles documentos que acrediten de forma fidedigna a experiencia profesional. Enténdese por servizos prestados na Administración Pública os que derivan dunha relación laboral temporal ou de funcionario interino en calquera das súas modalidades.

A experiencia profesional deberá acreditarse:

- No caso de experiencia en administracións públicas: mediante certificación da Administración Pública correspondente na que prestou servizos, expedida polo órgano competente ou secretario/a no caso das deputacións ou entes locais, no que consten, como mínimo, estes datos:
- a categoría, corpo, escala e/o especialidade dos devanditos servizos, o grupo ou subgrupo de clasificación profesional,
- a titulación esixida como requisito para o ingreso na mesma
- o réxime xurídico da vinculación (persoal laboral, persoal funcionario…),
- o tipo de vínculo (fixo, temporal, indefinido non fixo, funcionario interino, funcionario de carreira…)
- o período de prestación de servizos desempeñado, con indicación da data de inicio e final, no seu caso, indicando o tempo no que se permaneceu en situacións que non impliquen o desempeño efectivo de prestación de servizos, así como as licenzas sen retribución.
- No caso de experiencia en empresas públicas: mediante a copia dos correspondentes contratos de traballo e/ou certificación expedida por órgano competente da correspondente empresa.

Número de anuncio 2022/8510

Deberá, en calquera caso, achegarse informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería xeral da Seguridade Social, con expresión do grupo de cotización e dos períodos cotizados e contratos laborais.

Non se puntuarán períodos inferiores a un mes. Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados.

Valoraranse igualmente os servizos prestados como persoal laboral temporal nos grupos e categorías correspondentes e como laboral indefinido non fixo recoñecido por sentenza.

A puntuación da experiencia profesional estará referida a xornada completa. No caso de xornada a tempo parcial, outorgarase a puntuación proporcional correspondente, salvo os servizos prestados durante o período en que se goce dunha redución de xornada por algunha das causas legalmente previstas por conciliación da vida familiar e laboral, que serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa.

Para estes efectos considéranse servizos efectivos os prestados en situación de servizos especiais e de excedencia por coidado de fillos/as e familiares, excedencia por razón de violencia de xénero e excedencia por razón de violencia terrorista.

Coa solicitude de participación no proceso selectivo, a persoa aspirante autoriza ao Concello de Santa Comba o acceso ao seu expediente persoal para a consulta e acreditación dos servizos prestados neste, agás que manifeste expresamente que non autoriza dita consulta, en tal caso deberá presentar a documentación sinalada no paragrafo anterior para a valoración dos servizos prestados.

Para valorar se as funcións desenvolvidas noutras Administracións son equiparábeis ás dos corpos, escalas ou categorías ás que se desexa acceder terase en conta o certificado ou resolución do órgano competente en materia de persoal.

Os méritos relativos á experiencia profesional no Concello de Santa Comba, serán comprobados de oficio polo departamento municipal que corresponda, sen que sexa necesaria a presentación de documento acreditativo algún polos/as aspirantes. Non obstante, aconsellase ao persoal aspirante que se atope nesta situación que achegue coa instancia a vida laboral

Número de anuncio 2022/8510

B) Formación e capacitacións profesionais

| 2.- Formación e capacitacións profesionais. Ata un máximo de 10 puntos |
|---|
| Valorarase a formación específica directamente relacionada coas funcións, responsabilidades e/ou competencias profesionais inherentes á vacante convocada.<br>Para os anteditos efectos, considerarase formación específica susceptible de valoración os cursos de formación específica, especialización ou perfeccionamento acreditados polas persoas aspirantes e que:<br>1) Teñan sido impartidos/realizados e/ou homologados no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP), dos Acordos/Plans para a Formación Continua do Persoal das Administracións Públicas, ou equivalentes/substitutivos.<br>2) Ou teñan sido impartidos, organizados e/ou homologados por Administracións Públicas e aqueloutros organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes das mesmas, así como por Universidades Públicas.<br>3) Ou que teñan sido impartidos ou organizados por centros de formación homologados; ou por Universidades Privadas, Escolas Oficiais, Colexios Oficias, Organización Sindicais e aqueloutras entidades públicas ou privadas sempre que os ditos cursos/accións de formación conten, en todo caso, con homologación ou recoñecemento oficial.<br>E que no referido ao seu obxecto/contido cumpran, ademais, con algunha das seguintes condicións:<br>- Que estean directamente relacionados coas funcións, responsabilidades e/ou competencias profesionais habitual e especificamente atribuíbles/inherentes á vacante convocada.<br>- Ou que versen sobre algunha das seguintes materias de carácter transversal:<br>- Linguaxe administrativa galega.<br>- Prevención de riscos laborais/seguridade e saúde laboral.<br>- Igualdade.<br>- Protección de datos.<br>- Administración electrónica.<br>- Ofimática.<br>- Atención e información ao cidadán.<br>- Responsabilidade Social nas AAPP. Xestión pública responsable e sostible.<br>- Procedemento administrativo.<br>- Réxime local.<br>- Réxime xurídico do sector público.<br>E non se valorarán, en ningún caso:<br>- Os títulos académicos oficiais do Sistema Educativo Español (en ningún dos seus diferentes niveis) ou equivalentes doutros Estados, nin a formación/cursos recibidos para/durante a obtención dos mesmos. Non obstante, si que serán susceptibles de valoración os títulos de mestría, especialista/experto e aqueloutros de postgrao non doutoral (ou equivalentes) non habilitantes/imprescindibles para a obtención dunha titulación académica oficial determinada ou para o exercicio dunha profesión/carreira, e que teñan sido outorgados por Universidades, Centros de Educación Superior e restantes centros públicos ou privadas homologados/autorizados para os ditos efectos.<br>- Os certificados de profesionalidade e aqueloutras formas de acreditación oficial das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (ou equivalentes doutros Estados).<br>- A asistencia a xornadas, simposios, seminarios, congresos ou similares/asimilables.<br>- A formación especializada que resulte imprescindible/habilítante para a obtención dunha titulación académica oficial determinada ou para o exercicio dunha profesión/carreira.<br>- A formación vinculada á preparación/desenvolvemento de procesos selectivos ou de provisión.<br>Sen prexuízo do antedito, para os efectos da acreditación, consideración e valoración dos méritos sobre formación específica” alegados polas persoas aspirantes aplicaranse, tamén, as normas e criterios que se indican:<br>- Entenderanse por Administracións Públicas as consideradas como tales no artigo 2.3. da Lei 40/2015, de 1 de outubro.<br>- No caso de que a duración os cursos/accións de formación alegados só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas.<br>- Valoraranse por unha soa vez os diferentes cursos/accións de formación cun mesmo obxecto ou referidos a unha mesma materia (agás que quede claramente constatado que o contido tivera sido diferente, ou que se tratase de actualizacións); valorándose, unicamente, o de nivel superior, avanzado ou, de resultar coincidentes, o de data máis próxima.<br>- Para a acreditación da formación específica alegada polas persoas aspirantes, e cuxa valoración pretendan, deberán achegar o título correspondente ou certificación ou documento acreditativo equivalente de ter superado o curso ou acción formativa alegados, emitido polo órgano competente da entidade/organismo organizador ou responsable para os ditos efectos acreditativos<br>- En ditos documentos acreditativos da realización dos cursos/accións formativas deberá constar a data da súa realización, a súa duración (en horas e/ou créditos), así como o seu obxecto e/ou materias/temario/contidos impartidos (agás cursos monográficos). De non constar ou acreditarse ditos extremos, non serán obxecto de valoración.<br>- En todo caso, non se terán en conta outras formas de acreditación da formación específica diferentes das previstas nestas bases. |

| Grupo I: | Grupo II: | Grupo III: | Grupo IV: | Grupo AP/Grupo V: |
|---|---|---|---|---|
| 0,20 puntos/hora | 0,20 puntos/hora | 0,30 puntos/hora | 0,50 puntos/hora | 1,00 punto/hora |

Número de anuncio 2022/8510

9.3.- Acreditación dos méritos alegados

As persoas aspirantes deberán realizar a autobaremación dos seus méritos expresando, no impreso de solicitude, a puntuación que obtivesen de acordo co baremo indicado na base precedente.

Os méritos alegados na solicitude deberán xustificarse e acreditarse de acordo co que se indica na base precedente.

A non presentación dos dous documentos (informe de vida laboral e contratos de traballo) suporá a ano valoración do mérito alegado.

En todo caso, da documentación xustificativa que se achegue, deberá concluírse de xeito claro e inequívoco o corpo, escala, categoría profesional ou natureza na que se teñan prestados os servizos que se pretende se valoren.

9.4.- Relación de persoas seleccionadas

1. Concluída a valoración dos méritos, o Tribunal publicará na sede electrónica do Concello a relación provisoria de persoas seleccionadas, indicando a puntuación obtida no concurso. A relación ordenarase alfabeticamente e realizarase de forma conxunta para todas as prazas convocadas.

2. O Tribunal non poderá propor un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas.

3. O tribunal elevará dita relación á alcaldesa, coa proposta de nomeamento.

4. Os aspirantes disporán dun prazo de 10 (dez) días soltos, contados dende o día seguinte á publicación das valoracións, para formular alegacións.

5. O anuncio publicado conterá unha advertencia recordándolles aos candidatos propostos que deberán presentar a documentación que se sinala nestas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para accederen ao posto convocado.

Procesos selectivos derivados do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro (concurso-oposición)

Desenvolvemento dos procesos selectivos derivados da aplicación do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro: os procesos selectivos de conformidade con estas bases, realizaranse a través de procedemento de concurso-oposición, e consistirá nunha fase de oposición (60 %) con carácter non eliminatorio, previa á fase de concurso (40 %).

**Fase de oposición**

O concurso-oposición constará dunha fase de oposición obrigatoria e eliminatoria e dunha fase de concurso, obrigatoria e non eliminatoria. A fase de concurso deberá realizarse con carácter previo á fase de oposición.

A fase de oposición, que se valorará con un máximo de 60 puntos, constará de un exercicio de realización obrigatoria e de carácter eliminatorio. Para superar a fase de oposición será preciso obter unha puntuación mínima de 30 puntos.

Para a realización desta fase de oposición, o persoal aspirante será convocados en chamamento único, aínda que o mesmo deba dividirse en varias sesións. A non presentación dun aspirante no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no procedemento selectivo, quedando excluído do mesmo.

A orde de actuación dos opositores iniciarase alfabeticamente polo primeiro da letra que resultara no sorteo anual realizado pola Secretaría de Estado para a Administración Pública a que se refire o artigo 17 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado.

A data, hora e lugar de realización do primeiro ou único exercicio da fase de oposición publicarase no BOP, así como no TEU con polo menos 24 horas de antelación á súa realización. No seu caso, a data, hora e lugar de realización do segundo exercicio da fase de oposición publicarase na sede electrónica do Concello de Santa Comba con polo menos 24 horas de antelación á súa realización.

Os Tribunais cualificadores adoptará as medidas necesarias para garantir que os exercicios escritos se realicen sen que se coñeza a identidade dos aspirantes. As cualificacións de ditos exercicios faranse públicas no TEU.

O contido dos exercicios deberá ser fixado polo tribunal antes da realización dos mesmos; e deberá incluír, en todo caso, preguntas de reserva para aquelas que puidesen ser anuladas (as preguntas de reserva deberán ser contestadas polos aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que, de ser o caso, fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto.

O número de aprobados na fase de oposición será o das persoas que superen a mesma, aínda cando esta cifra exceda do número total de prazas a cubrir. Obterán as prazas ofertadas os que superando a puntuación mínima da fase de oposición obteñan maior puntuación na suma da fase de concurso e oposición.

Para os efectos dos procesos de estabilización de emprego temporal no ámbito local, a fase de oposición do sistema de concurso-oposición rexerase polo disposto no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para

a redución da temporalidade no emprego público. Non será de aplicación, por tanto, a este proceso o disposto nos artigos 8 e 9 do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local.

**Exercicios da oposición**

A fase de oposición (60 %), de carácter previo á fase de concurso, estará estruturada segundo o grupo/subgrupos e categorías das prazas convocadas e segundo o corpo/escala ou asimilables no caso do persoal laboral. Cada convocatoria e bases específicas especificará cada un dos exercicios/probas dando cumprimento á estrutura xeral de seguido determinada.

Os temarios xeral e específico determinados por estas bases adaptaranse aos requisitos mínimos necesarios segundo a categoría do posto (grupo) e as funcións e competencias propias da/s praza/s convocadas.

1º exercicio: carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exame teórico tipo test sobre temario xeral e específico determinado nestas bases. As repostas en branco e/ou erróneas non penalizan.

Socorrista

Número de preguntas: 40 preguntas

Preguntas de reserva: mínimo de cinco preguntas

Respostas alternativas: catro (das que unha é a correcta)

Tempo máximo de realización: unha hora

Cualificación máxima: 60 puntos

Valor de cada pregunta: 1,50 puntos.

Agrupacións profesionais -auxiliar axuda a domicilio-

Número de preguntas: 20 preguntas

Preguntas de reserva: mínimo de tres preguntas

Respostas alternativas: catro (das que unha é a correcta)

Tempo máximo de realización: unha hora

Cualificación máxima: 60 puntos

Valor de cada pregunta: 3,00 puntos.

A corrección dos exercicios realizarase garantindo o anonimato do persoal aspirante presentado.

2º exercicio: proba de galego: carácter obrigatorio e non eliminatorio para todo o persoal aspirante que non aporte o título para exención da realización desta proba.

Para poder superar o proceso selectivo será preciso acreditar o coñecemento da lingua galega. En cumprimento do artigo 51 da Lei galega 2/2015, os aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega mediante a presentación do título CELGA ou equivalente que se especifique na convocatoria deberán someterse a un exame de galego, que consistirá nunha proba oral, cunha duración máxima de 30 minutos. Dito exame cualificarase como Apto/a ou Non apto/a.

Esta proba está dirixida á comprobación, por parte do Tribunal, de que o persoal aspirante comprende e fala correctamente o galego.

**Desenvolvemento das probas**

As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do tribunal e, de resultar necesario, dos colaboradores e especialistas designados.

O persoal aspirante será convocado pola orde que se especifica nestas bases en chamamento único, de maneira que quen non compareza será excluído.

Para a realización dos exercicios, realizarase un chamamento a viva voz, e declararase decaído no seu dereito ao aspirante que non compareza para a realización do exercicio, que quedará excluído do proceso selectivo. Concluído o chamamento para a realización da proba non se permitirá o acceso de ningún aspirante á sala ou aula nas que esta teña lugar.

Tampouco se permitirá a incorporación de ningún aspirante unha vez que se iniciaron as probas selectivas.

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos que se publicarán TEU e a título informativo na páxina web municipal, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impedise

Número de anuncio 2022/8510

acudir, excepto que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto de aspirantes embarazadas ou en período de parto ou postparto debidamente acreditados.

As mulleres embarazadas que prevexan que a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial.

A comunicación deberá realizarse dentro das 12 horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano que convoca os datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal acordará si procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazalo ou adoptar ambas medidas conxuntamente.

O persoal aspirante deberá presentarse para realizaren os exercicios provistos do DNI. ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal e dun bolígrafo de tinta azul.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirlles en calquera momento aos aspirantes que acrediten a súa identidade.

As persoas aspirantes poderán realizar o/s exercicio/s, agás a proba de galego, á súa elección, en calquera das linguas oficiais de Galicia.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún persoal aspirante non cumpre todos os requisitos esixidos pola presente convocatoria, previa audiencia a/ao interesada/o, deberá propoñer a súa exclusión á concelleira delegada competente, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas polo/a aspirante na solicitude de admisión a estas probas selectivas, para os efectos procedentes.

O tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir que os exercicios sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, salvo que pola súa natureza non sexa posible a realización de forma anónima. Nos exercicios nos que deba garantirse o anonimato do/a aspirante, o tribunal excluirá a aqueles candidatos/as en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do/a opositor/a.

Nos exercicios non constará ningún dato do que se poida desprender a identidade da persoa opositora. No intre da entrega do exercicio, facilitaránselles ás persoas aspirantes un sobre no que introducirán un papel co seu nome e apelidos.

Pechado o dito sobre, será identificado cun número na súa parte exterior, que será o mesmo que se consigne na primeira folla do propio exercicio.

O tribunal adoptará todas as medidas necesarias para a adaptación de tempo e/ou medios co fin de que aqueles aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para a realización dos exercicios que o resto de participantes.

Fase de concurso.

A fase de concurso (40 %), De carácter non eliminatorio. Baremo de méritos.

O persoal aspirante deberá aportar xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados o autobaremo establecido nesta bases.

Aquel persoal aspirante que non presente o autobaremo xunto coa documentación acreditativa no prazo de presentación de instancias ou no de emenda, serán cualificados con 0 puntos nesta fase de concurso.

Aqueles méritos alegados que non estean debidamente acreditados de conformidade a estas bases, non serán valorados.

A puntuación máxima desta fase será de 40 puntos, a valorar na forma que se describa nestas bases.

Valoraranse con carácter xeral estes criterios:

| 1.- Méritos profesionais: experiencia profesional: ata un máximo de 36 puntos | | | |
|---|---|---|---|
| Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da entidade local que convoca en calidade de persoal laboral temporal | Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes da entidade local que convoca en calidade de persoal laboral temporal | Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas (distintas da entidade local que convoca) en calidade de persoal laboral temporal | Servizos prestados no resto do sector público en calidade de persoal laboral temporal |
| 0,85 puntos mes completo | 0,40 puntos mes completo | 0,12 puntos mes completo | 0,04 puntos mes completo |

| 2.- Formación e capacitacións profesionais.<br>Ata un máximo de 4 puntos | | | |
|---|---|---|---|
| Valorarase a formación específica directamente relacionada coas funcións, responsabilidades e/ou competencias profesionais inherentes á vacante convocada.<br>Para os anteditos efectos, considerarase formación específica susceptible de valoración os cursos de formación específica, especialización ou perfeccionamento acreditados polas persoas aspirantes e que:<br>1) Teñan sido impartidos/realizados e/ou homologados no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP), dos Acordos/Plans para a Formación Continua do Persoal das Administracións Públicas, ou equivalentes/substitutivos.<br>2) Ou teñan sido impartidos, organizados e/ou homologados por Administracións Públicas e aqueloutros organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes das mesmas, así como por Universidades Públicas.<br>3) Ou que teñan sido impartidos ou organizados por centros de formación homologados; ou por Universidades Privadas, Escolas Oficiais, Colexios Oficias, Organización Sindicais e aqueloutras entidades públicas ou privadas sempre que os ditos cursos/accións de formación conten, en todo caso, con homologación ou recoñecemento oficial.<br>E que no referido ao seu obxecto/contido cumpran, ademais, con algunha das seguintes condicións:<br>– Que estean directamente relacionados coas funcións, responsabilidades e/ou competencias profesionais habitual e especificamente atribuíbles/inherentes á vacante convocada.<br>– Ou que versen sobre algunha das seguintes materias de carácter transversal:<br>· Linguaxe administrativa galega.<br>· Prevención de riscos laborais/seguridade e saúde laboral.<br>· Igualdade.<br>· Protección de datos.<br>· Administración electrónica.<br>· Ofimática.<br>· Atención e información ao cidadán.<br>· Responsabilidade Social nas AAPP. Xestión pública responsable e sostible.<br>· Procedemento administrativo.<br>· Réxime local.<br>· Réxime xurídico do sector público.<br>E non se valorarán, en ningún caso:<br>– Os títulos académicos oficiais do Sistema Educativo Español (en ningún dos seus diferentes niveis) ou equivalentes doutros Estados, nin a formación/cursos recibidos para/durante a obtención dos mesmos. Non obstante, si que serán susceptibles de valoración os títulos de mestría, especialista/experto e aqueloutros de postgrao non doutoral (ou equivalentes) non habilitantes/imprescindibles para a obtención dunha titulación académica oficial determinada ou para o exercicio dunha profesión/carreira, e que teñan sido outorgados por Universidades, Centros de Educación Superior e restantes centros públicos ou privadas homologados/autorizados para os ditos efectos.<br>– Os certificados de profesionalidade e aqueloutras formas de acreditación oficial das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (ou equivalentes doutros Estados).<br>– A asistencia a xornadas, simposios, seminarios, congresos ou similares/asimilables.<br>– A formación especializada que resulte imprescindible/habilitante para a obtención dunha titulación académica oficial determinada ou para o exercicio dunha profesión/carreira.<br>– A formación vinculada á preparación/desenvolvemento de procesos selectivos ou de provisión.<br>Sen prexuízo do antedito, para os efectos da acreditación, consideración e valoración dos méritos sobre formación específica" alegados polas persoas aspirantes aplicaranse, tamén, as normas e criterios que se indican:<br>– Entenderanse por Administracións Públicas as consideradas como tales no artigo 2.3. da Lei 40/2015, de 1 de outubro.<br>– No caso de que a duración os cursos/accións de formación alegados só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas.<br>– Valoraranse por unha soa vez os diferentes cursos/accións de formación cun mesmo obxecto ou referidos a unha mesma materia (agás que quede claramente constatado que o contido tivera sido diferente, ou que se tratase de actualizacións); valorándose, unicamente, o de nivel superior, avanzado ou, de resultar coincidentes, o de data máis próxima.<br>– Para a acreditación da formación específica alegada polas persoas aspirantes, e cuxa valoración pretendan, deberán achegar o título correspondente ou certificación ou documento acreditativo equivalente de ter superado o curso ou acción formativa alegados, emitido polo órgano competente da entidade/organismo organizador ou responsable para os ditos efectos acreditativos<br>– En ditos documentos acreditativos da realización dos cursos/accións formativas deberá constar a data da súa realización, a súa duración (en horas e/ou créditos), así como o seu obxecto e/ou materias/temario/contidos impartidos (agás cursos monográficos). De non constar ou acreditarse ditos extremos, non serán obxecto de valoración.<br>- En todo caso, non se terán en conta outras formas de acreditación da formación específica diferentes das previstas nestas bases. | | | |
| Grupo IV:<br>0,50 puntos/hora | | Agrupacións profesionais -Grupo V-<br>1,00 punto/hora | |

**10.- Coñecemento da lingua galega**

O persoal aspirante deberá posuír un título que acredite o nivel de coñecemento que corresponda á praza a estabilizar.

Os niveis de coñecemento da lingua galega en relación ás praza a estabilizar son:

| Grupos / Categoría | Título que acredite o nivel de coñecemento da lingua galega |
|---|---|
| Grupo I e II | Celga 4 |
| Grupo III e IV | Celga 3 |
| Grupo AP/V | Celga 1 |

O persoal aspirante que non xustifique a posesión do título que acredite o nivel de lingua galega correspondente á categoría ou grupo da praza á que aspira, deberá superar unha proba de coñecemento da lingua galega, que en ningún caso computará como mérito. Para estes efectos, o persoal aspirante deberá sinalar na súa solicitude de participación no proceso esta circunstancia.

A proba de coñecemento da lingua galega realizarase despois do remate do concurso de méritos a aquel persoal aspirante proposto para a obtención dunha praza e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que a proba de coñecemento sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección, e a seguinte coa puntuación máis alta obtida no concursos de méritos será a proposta para a obtención da praza. Se esta persoa non tivese acreditado antes o coñecemento da lingua galega correspondente deberá someterse á referida proba de galego cos mesmo efectos expostos con anterioridade.

**11.- Presentación de reclamacións**

Contra a valoración provisional da fase de concurso, o persoal aspirante poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal dentro dos 5 (cinco) días soltos seguintes contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio co resultado da valoración provisional do concurso no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

Logo de ver e estudar as reclamacións que se formulen e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na valoración e procederase á publicación definitiva no TEU e a título informativo e complementario na páxina web municipal..

**12.- Cualificación final e proposta de nomeamento**

No suposto de que ningún/ningunha aspirante supere o proceso selectivo o non existan suficientes aspirantes que superen o mesmo para as prazas convocadas en cada un dos procesos específicos, o Tribunal declarará deserta a convocatoria.

No suposto de convocatorias previas por quenda restrinxida a colectivo con especiais capacidades (33% incapacidade polo INSS e asimilables) no caso de declararse deserta a convocatoria específica, a vacante acumularase á convocatoria de quenda libre que corresponda.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal determinará a relación dos/as aspirantes por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de nomeamento a favor do persoal aspirante que obtivera a puntuación mais alta na fase de concurso ou na de concurso-oposición. O tribunal non poderá facer proposta de nomeamento a favor dun número de persoal aspirante superior ao das prazas convocadas.

Non obstante ao anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de persoal aspirante ao de prazas convocadas, e para o fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias do persoal aspirante seleccionado, o órgano que convoca requirirá do tribunal de selección unha relación complementaria do persoal aspirante que sigan á proposta, para o seu posible nomeamento como persoal laboral fixo.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ao persoal aspirante que dentro do prazo fixado non presente a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos indicados nestas bases xerais, ou que soliciten a excedencia de forma inmediata e no mesmo día da súa toma de posesión como persoal laboral fixo do Concello de Santa Comba.

O tribunal poderá declarar deserta a/s praza/s obxecto desta convocatoria que non resulte cuberta á súa finalización por non superar o proceso selectivo un número suficiente de persoal aspirante.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese esta orde de prioridade:

Número de anuncio 2022/8510

Para os dous sistemas de estabilización:

1º.- Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.

2º.- Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración que convoca.

3º.- A maior antigüidade total no Concello de Santa Comba na praza, posto e categoría idéntica ou equivalente á vacante convocada.

4º.- A maior puntuación total obtida no apartado a do mérito experiencia profesional

5º.- A de maior idade.

6º.- No caso de que, tendo en conta os criterios anteditos, persistan os empates, terase en conta a maior puntuación total obtida no apartado de méritos académicos.

7º.- E, finalmente, no que caso de que non houbera sido posible desfacer os empates despois da aplicación dos criterios anteriores, este resolverase por sorteo, realizado por e ante os respectivos Tribunais, e coa presenza das persoas aspirantes afectadas que así o desexen.

13.- Achega de documentos por parte das persoas opositores propostas para o nomeamento

Finalizado o proceso selectivo, e logo da publicación no TEUS, a proposta do tribunal de contratación que conterá unha advertencia recordándolle ao persoal aspirante proposto para o nomeamento que deberán presentar a documentación prevista nesta base para xustificar que cumpran os requisitos esixidos para accederen ao posto convocado.

As persoas aspirantes propostas achegarán, dentro do prazo de 20 días hábiles, contados dende a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e máis os requisitos esixidos na convocatoria:

a) Documento nacional de identidade.

b) Certificado médico actualizado –considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses, sen prexuízo dun posterior recoñecemento, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar. No suposto de minusvalía deberá achegar tamén o certificado acreditativo correspondente.

c) Declaración xurada de non ter sido separada do servizo das administracións públicas e non estar incursa nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

d) Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliada.

e) Documento acreditativo de conta bancaria.

f) Calquera outro documento requirido nas nestas bases para participar no proceso selectivo.

Esta documentación presentaranse preferentemente por vía electrónica a través de rexistro electrónico. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da LPACP.

Non será necesario presentar a documentación cando conste en expediente municipais, sempre que se indique claramente no número de expediente, ou ben o proceso selectivo ou calquera outra aclaración que facilite a obtención destes documentos.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo casos de forza maior, non acredite os requisitos esixidos nesta convocatoria non poderá ser nomeado e anularanse todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade.

Acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal laboral fixo nas prazas obxecto desta convocatoria mediante resolución do órgano competente.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, as persoas aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Presentada a documentación polas persoas interesada, a alcaldesa ditará resolución de nomeamento da/s persoa/s aspirante/s proposta/s que se publicará no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico: https://sede.asponte s.org/opencms/es/informacion/), así como no BOP.

Será nula a incorporación de quen estea incurso/a en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

Mentres non se incorporen ao respectivo posto de traballo, o persoal interesado non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Número de anuncio 2022/8510

As persoas nomeadas estarán obrigadas a prestaren a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable.

**14.- Bolsa de emprego**

Só xerarán novas bolsas de emprego os procesos derivados do artigo 2, é dicir aqueles que se realicen por concurso-oposición.

A listaxe de contratación funcionará deste xeito:

- Terá vixencia ata que se derrogue expresamente.

- As persoas integrantes da listaxe non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se son nomeados coma persoal laboral temporal, unha vez rematada a cobertura, retomará ao posto que lle corresponda na listaxe.

- O chamamento farase por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento, os interesados deberán comunicar ao Concello calquera alteración dos seus datos de contacto.

Como mínimo realizaranse dúas chamadas, pasando a contactar co seguinte candidato segundo a orde de prelación, no caso de que non se puidese realizar o contacto. O empregado

público que realice o chamamento farao constar mediante dilixencia indicando a disposición ou non do aspirante a cubrir temporalmente a praza que corresponde, ou ben da imposibilidade de contactar con el se se dera o caso, con independencia de que se intente a comunicación por outro medio.

- Unha vez feito o chamamento o aspirante contará cun prazo de dous días hábiles para contestar e aceptar, debendo presentar nese mesmo prazo a documentación requirida nestas bases.

- De non aceptar o chamamento deberá manifestalo por escrito, e pasarase a chamar ao seguinte aspirante da bolsa. Se se negara a manifestalo por escrito, bastará coa dilixencia do funcionario que fixera a chamada telefónica.

- O persoal aspirante que rexeite o nomeamento pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que acredite causa xustificada, en cuxo caso retornará ao posto que lle corresponda na bolsa creada. A segunda vez que rexeitara sen causa xustificada será excluído desta lista mediante resolución da alcaldía.

Considéranse coma causas xustificadas:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).

- Estar traballando (acreditado mediante contrato de traballo, nomeamento ou certificación).

En calquera momento os aspirantes poderán pedir a súa exclusión da listaxe.

O efectivo funcionamento da listaxe estará supeditado á normativa vixente en cada momento.

Presentada a documentación establecida nestas bases, ditarase resolución da alcaldía na que se aproba ao persoal aspirante seleccionado para a súa contratación e fixará o prazo máximo para a formalización do contrato.

**15.- Carácter vinculante das bases**

Estas bases xerais vincularán ao Concello de Santa Comba, aos tribunais cualificadores e ao persoal aspirante que participe nos procesos selectivos que sexan convocados.

**16.- Réxime xurídico e normativa de aplicación**

Os procesos selectivos rexeranse polo establecido nestas bases xerais. Serán, tamén, de aplicación nestes procesos selectivos estas normas, de rango legal e regulamentario:

- Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (en diante TRLEBEP)
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública ( en diante LMRFP).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LBRL).
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril (en diante TRRL).
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de administración local;

Número de anuncio 2022/8510

E, de forma supletoria:

- Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo (RXIAE) .
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia (RSPAG).
- Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade
- Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade (BOE núm. 140, do 13/06/2006).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Restantes normas e disposicións de aplicación.

**17.- Protección de datos de carácter persoal**

